



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 24/02/10:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde fai uns meses o noso concello está soportando as obras do AVE, sendo as parroquias máis prexudicadas Figueirido e Paredes.

No lugar de Paredes estése traballando na construción do túnel de Fonte Quente, obras que están provocando incidencias de gran importancia nas vivendas do lugar e, tamén, por tanto, malestar veciñal. A utilización constante de explosivos están producindo graves deterioros nas vivendas e o ruído fai a vida máis complicada aos veciños e veciñas que alí habitan.

O constante tránsito de camións e transporte pesado está deteriorando o vial principal de Paredes e obstaculizando a circulación aos veciños e veciñas do lugar.

Segundo a Lei de Bases do Réxime Local, a Administración Local ten potestade normativa no relacionado coa contaminación acústica dentro do seu término municipal e, para elo, no ano 1997 o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica. No artigo 3 desta lei dise que lle corresponde aos concellos dictar ordenanzas sobre rúidos e vibracións.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. O Concello de Vilaboa aprobará a ordenanza municipal de contaminación acústica que se adxunta a esta moción.

Vilaboa, 17 de febreiro de 2010.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA